

POLÍTICAS DE ANULACIÓN E DEVOLUCIÓN DE IMPORTES ABOADOS

Nas reservas e nas entradas, así como nas fichas de luz e secador, *non procederá devolución algunha*, agás que sexa por causa imputable á USC e a persoa interesada rexeite facer uso delas outro día e/ou a outra hora.

A Universidade de Santiago de Compostela soamente devolverá os importes aboados:

1. Por causa imputable á USC.
2. Por baixa solicitada antes do inicio dunha escola físico deportiva e por baixa solicitada nos sete (7) días hábiles seguintes ao inicio desta ou á data do primeiro pago da matrícula, se é posterior; antes do último día hábil anterior a unha ruta ou andaina de sendeirismo, agás que na convocatoria se determinen outras condicións respecto ao prazo e á devolución: *Devolución do 100% menos cinco (5) €.* por gastos de tramitación, sempre e cando se poidan repercutir.
3. Por baixa solicitada, exclusivamente, antes do inicio da actividade nas actividades de verán e nos cursos intensivos que se programen: *Devolución do 100% menos cinco (5) €.* por gastos de tramitación, sempre e cando se poidan repercutir.
4. Por anulación de abonos ou bonos sen utilizar nos sete (7) días hábiles seguintes desde o pago correspondente: *Devolución do 100%.*
5. Por baixa solicitada nos sete (7) días hábiles seguintes á data na que remata a inscrición de equipos nas ligas universitarias, sempre e cando o equipo solicitante non acade o mínimo de xogadoras/es establecido: *Devolución do 100%.*
6. Por baixa debidamente xustificada* *poderase devolver o importe dunha ruta ou andaina celebrada, sempre e cando non pasasen máis de trinta (30) días desde a ruta ou andaina en cuestión, agás que na convocatoria se determine outro prazo: *Devolución do 100%, agás os gastos xa facturados á USC.**
7. Por baixa debidamente xustificada* *poderase devolver en escolas físico deportivas e abonos o importe correspondente ao período posterior á data de solicitude de anulación e devolución. Para determinar dito importe non se considerarán fraccións de tempo inferiores a un (1) mes; nas actividades de verán ou cursos intensivos e nos abonos de 30 días non se valorarán fraccións de tempo inferiores a quince (15) días e soamente *poderá ser reintegrado o 50% da contía ingresada.**
8. En calquera outro caso con causa debidamente xustificada* *poderase devolver o importe da parte non consumida* que se solicite antes do remate do curso deportivo. No caso dos bonos de sendeirismo terá que solicitarse antes do un (1) de xullo.

* Causas que dan dereito á devolución:

- a. Razóns académicas incompatibles e sobrevidas.
- b. Razóns laborais incompatibles e sobrevidas.
- c. Razóns de saúde incompatibles e sobrevidas, propias ou de familiares en 1º grao.

A solicitude e a documentación acreditativa presentarase **vía web** accedendo á súa conta en <https://aplicacions.usc.es/deportes>, no menú da esquerda, ao final do apartado "Nova operación" que debería aparecer resaltado en azul e xa despregado, hai que premer na opción "+ Nova solicitude devolución", cubrir os campos e seguir as indicacións que aparecerán en pantalla; en caso necesario poderá facerse de xeito presencial nas [oficinas da Área Deportiva](#) de 9:00 a 14:00 horas.

A comisión de interpretación estará integrada pola Dirección, a Subdirección ou, no seu defecto, o Técnico en Actividades Deportivas con maior competencia na materia obxecto de interpretación e a Xefatura do Negociado da Área Deportiva ou polas persoas nas que deleguen, e será a encargada de resolver as dúbidas que xurdan na aplicación desta normativa así como de calquera outra situación non contemplada referida ás políticas aquí recollidas. Esta comisión reunirse, en caso de ser necesario, o 28 de cada mes ou no primeiro día dispoñible se fose inhábil.

CRITERIOS PARA CAMBIOS ENTRE SERVICIOS PRESTADOS

A Universidade de Santiago de Compostela poderá admitir cambios:

1. Por causa imputable á USC, por motivos, exclusivamente, técnicos e/ou de índole organizativo.
2. Por substitución dun abono curso específico por outro igual multideporte ou entre si no caso dos abonos curso vinculados ao complexo deportivo do estadio.
3. Entre grupos/horarios da mesma ou diferente escola físico deportiva sempre e cando non implique un cambio de nivel, existan prazas dispoñibles no momento da aceptación da solicitude e se aboe a diferenza de prezo correspondente ao pago fraccionado en curso e aos pagos fraccionados anticipados, sen que proceda reintegro algún por este motivo.

Os cambios de nivel deberán ser propostos sempre polo profesorado de acordo co punto 1 destes criterios.

REFERENCIAS PARA A SOLICITUDE DE ANULACIÓN E DEVOLUCIÓN CON CAUSA XUSTIFICADA

ESCOLAS (16/09 ao 31/05)	PROCEDE A DEVOLUCIÓN DE:
No período de validez do 1º pago fraccionado	(Antes do 01/10)-- 2 MESES
	(Antes do 01/11)-- 1 MES
	(Despois do 01/11)-- NON PROCEDE
No período de validez do 2º pago fraccionado	(Antes do 10/01)-- 2 MESES
	(Antes do 10/02)-- 1 MES
	(Despois do 10/02)-- NON PROCEDE
No período de validez do 3º pago fraccionado	(Antes do 01/04)-- 2 MESES
	(Antes do 01/05)-- 1 MES
	(Despois do 1/05)-- NON PROCEDE

A efectos de cálculo dividirase o pago fraccionado en tres partes.